



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE OURENSE PARA AS OBRAS DE REFORMA E ADAPTACIÓN DA ALAMEDA DA PONTE EN OURENSE .

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Ourense, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, no Proxecto de Lei orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

Por acordo do Consello da Xunta do 19 de outubro de 2017, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

4.- Obxecto





O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Ourense, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“reforma e adaptación da Alameda da Ponte en Ourense”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Ourense (Ourense) trata de promover unha actuación consistente na **“reforma e adaptación da Alameda da Ponte en Ourense”**.

Trátase da reforma e o acondicionamento do espazo denominado “ALAMEDA DE A PONTE” caracterizada ben por un acusado abandono dentro do crecemento dirixido da cidade en beneficio doutros espazos máis recoñecidos, ben polas características da ordenación actual con clara necesidade de uso e desfrute dos veciños das mesmas tanto na comunicación e accesibilidade peonís como nun marco baseado no descanso urbano dentro do tempo de ocio dos mesmos.

É esta unha acción dirixida á preparación para o desfrute dentro dun marco baseado no establecemento do uso peonil da praza. Trátase da recuperación do espazo denominado “ALAMEDA DA PONTE”, sendo unha zona con necesidade clara de acondicionamento, fundamentalmente na zona oeste, que forma cuberta axardinada das propiedades (baixos comerciais) existentes na súa parte inferior, con grandes problemas de filtración de auga, con necesidades de reparación e/ou substitución e a consolidación do elemento da cornixa e balaustrada, así como solución da protección regulamentaria fronte a posibles caídas, así como diversas actuacións encamiñadas á reparación de instalacións, equipamentos e mellora das condicións de accesibilidade (Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados).

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2017. María Encarnación Rivas Diaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

